



Resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sobre a realización dunha segunda fase de adjudicación de axudas para proxectos de investimento non produtivo na convocatoria de 2019 ao abeiro das EDLP aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)

Antecedentes

-. Con data 31 de xaneiro de 2019 publicouse, no DOG núm. 22, a Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019.

-. Con data 9 de xullo de 2019 publicouse, no DOG núm. 129, a Orde do 28 de xuño de 2019 pola que se amplía o crédito da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019.

-. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por delegación da Conselleira do Mar, acorda a ampliación do prazo de resolución e notificación da concesión das axudas para proxectos de investimento non produtivo ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo aprobadas aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020. 1ª CONVOCATORIA 2019.





Fundamentos de Dereito

- Normativa

- Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019.
- Orde do 28 de xuño de 2019 pola que se amplía o crédito da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Consideracións xurídicas

O artigo 18 da orde das bases reguladoras das axudas enunciada no antecedente primeiro dispón:

"1. As solicitudes de axudas poderán ser presentadas ao longo de todo o período do programa operativo 2014-2020 ata o 1 de marzo de 2021.

2. Coas solicitudes presentadas ata o 1 de marzo de cada ano realizarase, para cada GALP, unha primeira fase de adxudicación de axudas.

3. De non esgotarse o crédito orzamentario para a anualidade correspondente, poderá realizarse unha nova fase de adxudicación de axudas, coas solicitudes presentadas ata o 1 de setembro de cada ano, co límite do crédito orzamentario. De non existir crédito orzamentario ou no caso de non resolver as solicitudes correspondentes á primeira fase de adxudicación, a segunda fase non terá lugar e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ditará resolución neste sentido, que será comunicada aos GALP. ..."

Tal e como se expuxo no antecedente terceiro, procedeuse á ampliación do prazo de resolución e notificación da concesión das axudas ata o 30 de novembro de 2019, toda vez que se tiñan constatado erros e defectos na proposta de resolución dos proxectos non produtivos de varios GALP, o que motivou a devolución dos respectivos expedientes





ás ditas entidades colaboradoras para a súa adecuación á legalidade vixente e para a corrección dos erros e defectos detectados.

Á vista do disposto no parágrafo 3 anteriormente transcrito e tendo en conta que a día de hoxe non teñen sido resoltas as solicitudes relativas á primeira fase de adxudicación para proxectos de investimento non produtivo polas razóns expostas no parágrafo anterior, cómpre ditar a resolución indicada de non realización dunha segunda fase de adxudicación de axudas na convocatoria correspondente á anualidade 2019.

Así, de conformidade coas atribucións asignadas no parágrafo 3 do artigo 18 e na disposición de derradeira primeira da Orde das bases reguladoras das axudas que faculta a esta Dirección Xeral para ditar cantas instrucións e resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da dita orde, esta Dirección Xeral,

RESOLVE

Non realizar unha nova fase de adxudicación de axudas para proxectos de investimento non produtivo para a convocatoria correspondente a este ano 2019, ao non ter sido resoltas as solicitudes da primeira fase de adxudicación para este tipo de proxectos.

Comuníquese aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

